

A C T A 7/2022
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 29 DE XUÑO DE 2022 -

Na Casa do Concello, a vinte e nove de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27.04.2022**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 667/22 á RES 811/22)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DACIÓN DE CONTA INFORME DE REPAROS 2021**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAR A PRAZA DO PARQUE DOS TILOS COMO PRAZA DO MERCADO LABREGO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REIVINDICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO**
- 8.- MOCIÓNS**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasándose a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 27.04.2022.

O sr. alcalde preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 667/22 á RES 811/22).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de maio ata o 22 de xuño de 2022, que comprenden os números 667 ao 811, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparecen consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos

e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira “

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA INFORME DE REPAROS 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Intervención, de 2 de xuño de 2022, sobre os reparos formulados no exercicio 2021, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que estivo a disposición de todos os membros da Corporación, aos que se lle remitiu para o seu estudo.

“DACION DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 2.3 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de seguido dase conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención emitido en relación cós informes de reparo formulados durante o exercicio 2021:

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2021

O presente informe emítase en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo

o cal: “ O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tódalas Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos”.

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local ordena á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto independente na orde do día, das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.

Finalmente, o artigo 15.6 do RD 424/2017 de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local establece que, con ocasión da dación de conta da liquidación, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolucións da Alcaldía que resolven as discrepancias:

Reparo 01/2021.-Resolución da Alcaldía de data 17/02/2021 . sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:6.552,75€

Reparo 02/2021.-Resolución da Alcaldía de data 11/03/2021.Sobre facturas sen proposta de gasto previa. .IMPORTE REPARADO: 380.337,72€

Reparo 03/2021.- Resolución da Alcaldía de data 27/04/2021. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:249.764,80€

Reparo 04/2021.-Resolución da Alcaldía de data 16/06/2021. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:217.878,76€

Reparo 05/2021.- Resolución da Alcaldía de data 27/07/2021. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:139.632,38€

Reparo 06/2021.- Resolución da Alcaldía de data 16/09/2021 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:231.681,07€

Reparo 07/2021.- Resolución da Alcaldía de data 22/10/2021-sobre ausencia de expediente de contratación servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:41.740,72€

Reparo 08/2021.- Resolución da Alcaldía de data 03/11/2021.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:134.375,28€

Reparo 09/2021.-Resolución da Alcaldía de data 24/11/2021. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:107.303,45€

Reparo 10/2021.- Resolución de Alcaldía de data 14/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo. IMPORTE REPARADO: 5.693,58€

Reparo 11/2021.Resolución da Alcaldía de data 27/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:213.659,03€.

Reparo 12/2021.Resolución da Alcaldía de data30/12/2021. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:532.821,29€.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseándose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTRAS CUESTIONS:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades deterctadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

-informes desfavorables das gratificacions por festividade, nocturnidad, distorsion horaria e horas extraordinarias de policía e proteccion civil.

-Convocatoria de subvencions deportes.-fiscalizada desfavorablemente a fase de recoñecemento da obriga por xustificacions incorrectas.

-Subvencions directas.-fiscalizadas desfavorablemente por non estar debidamente xustificada a sua concesion.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

Non constan.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 2 de xuño de 2022.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Teo, 3 de xuño de 2022.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Sendo as vinte horas e dous minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.^a Mónica I. Lado Varela.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAR A PRAZA DO PARQUE DOS TILOS COMO PRAZA DO MERCADO LABREGO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, lingua, mobilidade, comercio, turismo e emprego, D.^a María López Álvarez.

A sra. López da conta da proposta de 16 de xuño de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 22 de xuño de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Nomear a praza do parque dos Tilos como *Praza do Mercado Labrego.*

Considerando que, no ano 2012, froito dun acordo co grupo promotor do Sindicato Labrego e outras persoas agricultoras de Teo, formalízase un mercado de venda de produtos labregos de tempada e de proximidade no contorno dos Tilos.

Considerando que, dende entón realízase cada sábado pola mañá con arredor dunha decena de postos de venda e de xeito continuo, só interrompido temporalmente polas restricións derivadas da pandemia da COVID 19 durante uns meses do 2019.

Considerando que, no ano 2016 ao abeiro dun convenio asinado no Plan Hurbe, dotouse este espazo público de equipamentos que serviron para poñer en servizo as redes de subministración eléctrica, alumeadado público e abastecemento da praza, completando os traballos de urbanización e construción dunha cuberta circular executada con cargo ao Plan de Acción social da Deputación da Coruña.

Considerando que ao longo deste tempo a colaboración entre o Concello e os promotores púxose de manifesto de xeito continuo e explícito coa organización de eventos simultáneos ao mercado, mantemento da praza, colaboración na difusión de actividades, etc.

Considerando que os mercados de proximidade dan garantías de calidade dos produtos, xeran sinerxías positivas entre as persoas usuarias e produtoras, contribúen ao mantemento dos sistemas agrícolas tradicionais (sobradamente demostrados como os máis sustentables) e por tanto, son un motivo de orgullo colectivo

En recoñecemento ás persoas labregas e usuarias, que cada semana enchen de vida o espazo de venda directa na praza circular dos Tilos, contribuíndo así a un mundo rural vivo na comarca e a un modelo de mercado máis xusto e consciente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Nomear a praza dos Tilos, onde ten lugar semanalmente o mercado de produtos labregos, como “Praza do Mercado Labrego” “

A sra. López aclara que, como di no texto, foi o décimo aniversario, que xa se celebrou cunha pequena festa ali nos Tilos, porén agardouse ao Pleno de hoxe para facer esta proposta para nomear esta praza que, aínda que non tiña ningún nome oficial adxudicado, de facto vense chamando praza do mercado labrego ou praza circular.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia que o seu grupo vaise a abster, non por nada en concreto, senón por coherencia, porque no momento que viu esta infraestrutura, o grupo municipal do PP propuxo destinar todos eses cartos a outras infraestruturas. Sinala que o nome non está mal pensado, de feito chámase así coloquialmente, o mercado está moi ben e non teñan nada en contra diso, porén tamén saben que hai un montón de problemáticas, que ela mesmo elevou ao Pleno, con respecto por exemplo aos botellóns, de aí a abstención do seu grupo.

Preguntado polo sr. alcalde as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e once abstencións (7 PP e 4 PSdeG-PSOE), acorda nomear a praza dos Tilos, onde ten lugar semanalmente o mercado de produtos labregos, como “Praza do Mercado Labrego”.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS.

O sr. alcalde explica que o outro día na Comisión Informativa espuxéronse polas persoas afectadas, concretamente a través da responsable da Secretaría, unha serie de consideracións sobre o que implicaba a creación da Comisión que se propuña no Plan Antifraude. Lembra o sr. alcalde que se explicou que se trataba dunha Comisión que viña incorporada no modelo que distribuíu o Ministerio e que todos os concellos o viñeron facendo.

Explica que, aínda así, á vista da preocupación mostrada e con afán de non levar adiante algo que sexa irreversible, a petición das persoas afectadas vaise a retirar o punto da orde de día co compromiso de sometelo ao Pleno do vindeiro mes. Tratarase, neste intervalo de tempo, de ver se se pode buscar unha composición alternativa a esa Comisión, e verificar co Ministerio se esas posibles alternativas puideran ter ou non validez, dentro do marco que fixa o Ministerio, todo co fin de buscar, dentro do marco que fixa o Ministerio, unha solución que puidera ser de maior consenso coas persoas traballadoras.

Preguntado polo sr. alcalde se algún grupo quere facer algunha consideración, non se produce ningunha intervención ao efecto.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REIVINDICACIÓN DE MEDIDAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Josefa Argibay Dasilva.

Explica a sra. Argibay que o seu grupo presenta esta moción como reivindicación de melloras urxentes no servizo de transporte escolar en Teo, co fin de que estas irregularidades no sexan reiterada no próximo curso.

A sra. Argibay da conta da moción do seu grupo de 13 de xuño de 2022 (Rex. 999, nº entrada 1449, de 13/06/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 22 de xuño de 2022.

“MOCION SOBRE REIVINDICACIÓN DE MELLORAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN PARA REIVINDICACIÓN DE MELLORAS URXENTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DE TEO, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecidas polo Grupo Municipal Socialista nas últimas semanas graves incidencias no transporte escolar de Teo, entre as que destacan:

- IES DE CACHEIRAS

Tanto a ANPA como os pais e nais remítennos queixas de reiterados incumprimentos nas rutas do transporte do IES de Cacheiras.

O máis grave é o atraso diario na ruta de Lampai, na cal, aos e ás mozas que saen de clase ás 14:10, o bus non os recolle para levalos ás súas casas ata as 15 horas. Incluso nalgúns casos por non poder chegar o correspondente bus escolar, nin con retraso, chegouse a enviar UBER para repartir a estes rapaces/rapazas polas súas paradas.

- CEIP de Calo

Tanto a ANPA como os pais/nais indican que dúas rutas (1 e 3), os luns adoitan chegar máis de 20 minutos tarde, e incluso non ter chegado a recoller aos nenos/nenas, o cal motiva que se sexan os pais/nais os que os teñen que recoller no CEIP.

Nalgúns casos, teñen deixado aos rapaces no CEIP, e noutros, indícanos que os repartiron en paradas distintas ás que lles correspondían (por exemplo, na N-550!).

Estes atrasos na recollida dos nenos e nenas tamén se produce pola mañá, o que provoca que incluso cheguen tarde, complicando as conciliacións laborais dos/das proxenitoras que debido a estes atrasos reiterados na recollida dos seus fillos/fillas chegan tarde aos seus postos de traballo.

Os incumprimentos son graves, en moitos casos debidos aos cambios constantes de condutores, con improvisacións varias e desorganización da empresa concesionaria.

- CEIP da Ramallosa

Neste caso, desde a propia dirección do CEIP indicamos que a empresa MONBUS ten asignados 3 contratos pero só manda 2 buses, e que dito incumprimento foi notificado xa á Consellería de Educación da Xunta de Galicia en xullo de 2021.

A maior parte das incidencias son referidas ao concesionario MONBUS, que monopolizou, en grande medida, os novos contratos do transporte escolar licitados desde a Xunta de Galicia, e que se puxeron en marcha en xaneiro deste ano (que lembremos supoñen máis do 40% do licitado, 37,5 millóns de euros para esa empresa).

A Xunta de Galicia como administración responsable destes contratos, debe revisar e solucionar as queixas, sancionar os incumprimentos, en suma: facer cumprir as condicións contratuais das concesions correspondentes.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Teo somete para a súa aprobación o seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Solicitar áo Goberno da Xunta de Galicia que exerza, de forma rotunda, as súas funcións como administración responsable do servizo público de transporte escolar de Galicia e que vixie, controle e sancione os incumprimentos das súas

condicións contratuais que tanto están a afectar á comunidade educativa de Teo, cunha mellora urxente das condicións de dito transporte escolar.

Segunda.- Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa teense, para a mellora do servizo do transporte escolar.

Terceiro.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, así como aos grupos existentes no Parlamento de Galicia”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que todos saben e puideron comprobar o mal funcionamento do transporte en toda a Comarca e en todo o país, aínda que o que máis lles importa é o dos nenos e nenas do Concello de Teo. Sinala que o BNG fai uns días denunciou isto no Parlamento de Galicia, a través da formulación de determinadas preguntas, como por exemplo, cales son as medidas que se teñen posto en marcha ante o mal funcionamento do servizo, e se se ten previsto algunha medida para o novo curso para evitar que se repita a situación. Anuncia a sra. Castelao o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que lles parece unha proposta razoable e anuncia o apoio do seu grupo. Salienta que o apoio do seu grupo non é de agora, senón que levan apoiando isto dende principios de ano, dende que entraron en vigor os novos contratos de transporte, nomeadamente no instituto e nos colexios. Explica que particularmente no instituto de Cacheiras, no Consello de escolar, cando chegou ao principio da lexislatura, había enriba da mesa dous problemas fundamentais, que se levaban alargando dende fai moito tempo, o primeiro era o tema das clases pola tarde e, relacionado con iso, o tema do transporte. Incluso había quen dicía que se trataba de dous problemas moi manidos e que non había forma de solucionarlos. Explica que, aínda que non foi fácil, pouco a pouco conseguíuse que se librara tamén os martes pola tarde, de forma que o instituto pasara a ter xornada única, e isto solventaba unha parte do problema do transporte. Por outra parte había que aproveitar para facer os reaxustes que eran necesarios no servizo de transporte para solventar os problemas

que había dende hai moitos anos. Sinala o sr. Sánchez que, por sorte, coas novas contratacións, reaxustaronse os contratos, fixéronse uns contratos á medida das necesidades, existindo acordo entre todas as partes, porén o que acontece agora é que Monbus non cumpre, e o que hai que facer é que cumpra.

Explica o sr. Sánchez que os famosos desdobres están enriba da mesa, quitáronse, porén na realidade ten pasado de todo, mesmo a principios de ano, cando se fixo a reivindicación no instituto, nin sequera ese mesmo día Monbus cumpriu cos horarios marcados. Reitera que é un problema que hai que solventar e hai que obrigar a que a empresa de transporte cumpra co establecido.

Salienta o sr. Sánchez que todo isto non ten nada que ver con que el entrara no Consello escolar, xa que el puxo humildemente o seu granito de area, senón que foi grazas a proactividade da AMPA, nomeadamente á representante da AMPA no Consello escolar, e á propia dirección do centro educativo que estivo moi áxil tanto na xestión dunha cousa como de outra.

A sra. Álvarez sinala que todo o que se dixu é certo e polo tanto apoiarán a moción, porén quere dicir que como concelleira, no so de educación, senón tamén de mobilidade, percibe un certo desleixo por parte da Xunta, e así pasa exactamente igual coas reclamacións que se fan, quincenalmente, en relación co transporte en xeral.

Parece que non hai unha institución responsable especialmente preocupada. Explica que, especificamente tratándose do transporte do instituto, a inicios de febreiro remitiuse por parte da Alcaldía un correo electrónico solicitando unha xuntanza co Xefe territorial de Educación, tendo en conta os problemas que xurdían no transporte escolar, petición que foi reiterada posteriormente. Hoxe pola mañá recibíuse a contestación na que se di que entenden que a problemática transcende das competencias da Xefatura territorial e que a solicitude de reunión deberá facerse á Vicesecretaría Xeral. Explica a sra. López que están instados, e así o van a facer, a reunirse directamente co Conselleiro e trasladarlle estas queixas que afectan ao instituto, ao CEIP da Ramallosa e sobre todo tamén ao CEIP de Calo. Sinala a sra.

Álvarez que esta foi a secuencia dos feitos, engadindo que se trasladará tamén o acordo da moción, agardando ter máis interlocución.

A sra. Argibay agradece o apoio de todos os grupos porque se trata dun tema que considera de vital importancia para os nenos de Teo.

Aberta a segunda queda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

O sr. Sánchez di que xa que están de reivindicacións el tamén reivindica á sra. Álvarez xa que, á vista das peticións da AMPA do instituto de Cacheiras, sería bo, coa máxima urxencia, ter unha pequena reunión calquera día da semana que ven para ver se todas esa demandas poden subsanarse de cara ao curso que ven.

A sra. Álvarez explica que efectivamente hai unha reclamación por parte da AMPA que ten que ver coa seguridade vial, que é evidente que non existe neste momento. Explica que, con respecto a esta reclamación de seguridade vial, trabállase en tres actuacións que se concretan en:

- 1.- Poñer algún tipo de separación física no paso de peóns tan longo que hai.
- 2.- Ampliar a zona de aparcadoiro, que está costando moito, porque a compra é imposible e o aluguer non está sendo fácil, ao non chegarse acordo cos propietarios, aínda que existe un “plan b” para conseguir ampliar a zoa de aparcadoiro.
- 3.- Ampliar esa estrada que une Constenla a Casaldomiro, que piden o entubado, e que poida facerse una senda peonil separada dalgunha forma do tráfico. Aínda que é certo que ese camiño, despois, non ten moita saída, porque cara á esquerda, estreitase, pero non ten forma de ampliarse, porque existe un muro dunha vivenda particular.

Reitera a sra. Álvarez que estas eran as reclamacións e que por suposto non ten ningún problema en reunirse con eles e co sr. Sánchez.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que exerza, de forma rotunda, as súas funcións como administración responsable do servizo público de transporte escolar de Galicia e que vixie, controle e sancione os incumprimentos das súas condicións contratuais que tanto están a afectar á comunidade educativa de Teo, cunha mellora urxente das condicións de dito transporte escolar.

Segunda.- Apoiar as reivindicacións da comunidade educativa teense, para a mellora do servizo do transporte escolar.

Terceiro.- Remitir este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, así como aos grupos existentes no Parlamento de Galicia.

8.- MOCIÓNS.

O sr. alcalde sinala que hai unha moción do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar no Concello de Teo e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial. O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.^a Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao expón que xa expuxeran o tema como rogo e agora o plantexan como moción.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar neste Concello e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial a defensa das reclamacións veciñais respecto da adopción urxente de medidas de seguridade cidadá no Concello de Teo.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo, de 22 de xuño de 2022 (rex. entrada nº 3525, de 23/06/2022), que se recolle a continuación.

“Moción do BNG sobre o Servizo de Atención no Fogar neste Concello e o cumprimento co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial

Exposición de motivos:

O Servizo de Atención no Fogar (SAF), cumpre un papel esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, privatizado a través de empresas concesionarias, permite proporcionar no propio domicilio unha serie de atencións a aquelas persoas ou familias que o precisen por non serlles posible realizar as súas actividades habituais.

As traballadoras do SAF desenvolven un amplo abano de tarefas que van dende o apoio á socialización, o acompañamento a visitas terapéuticas, o apoio á hixiene persoal, o lavado e pasar ferro á roupa, a limpeza no fogar ou facer o xantar...

Este servizo esencial á comunidade é un dos traballos máis precarizados e feminizados que existen, e no que as profesionais do mesmo levan denunciando, dende hai anos, abusos das empresas concesionarias. É a propia administración a que ten a obriga de esixir ás empresas que licitan coa mesma o cumprimento dos dereitos das traballadoras, máis aínda cando estas, as empresas, reciben fondos públicos.

Neste contexto, as traballadoras do SAF levan máis de 10 anos reclamando un Convenio digno que contén unha cláusula de revisión salarial do IPC real. Ano tras ano, as traballadoras foron incrementando os seus salarios con esta referencia, a de non perder poder adquisitivo, ate este ano 2022 no que as empresas estanse a negar a pagar o 6´5% do IPC real do pasado ano 2021.

As empresas non só incumpren o Convenio Colectivo de ámbito galego, senón que tamén incumpren os pregos das condición da concesión, onde se explica a obriga das empresas de cumprir en materia laboral.

É imprescindible que o goberno local supervise este contrato e que demande das empresas concesionarias o cumprimento da legalidade laboral vixente, garantindo os dereitos das traballadoras.

Do mesmo xeito, é necesario que a Xunta de Galiza, como responsable dos Servizos de Atención no Fogar se implique para garantir que se cumpran as condicións laborais das traballadoras.

Por isto, o grupo municipal do BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal de Teo adopte as seguintes

Resolucións:

- O pleno do Concello de Teo recoñece o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar.
- **O pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galiza,**

aboando o 6´5% pactado no mesmo e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras.

- **O pleno do Concello de Teo insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención no Fogar neste Concello a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo.**

Teo, 22 de xuño de 2022.

Asdo. Carmen Diéguez González “

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que o tema xurdiu xa fai uns meses, e o seu grupo tivo tamén unha reunión cos representantes sindicais das traballadoras e con parte das traballadoras, que comentaban temas tan fundamentais como o cobro da quilometraxe, que dada a suba actual do prezo do combustible é de difícil encaixe coas condicións económicas actuais, así coma outros problemas como as horas mortas, bolsas de horas, problemas de flexibilización e incluso que se lles avisaba o día anterior para traballar, incumprindo a reforma laboral.

Anuncia a sra. Lemus o apoio do seu grupo á moción, engadindo que queren mandar un saúdo ás traballadoras e aos seus representantes sindicais que están aquí fora no Concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que tamén o seu grupo reuniuse coas traballadoras e por suposto van a apoiar as demandas deste colectivo.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen anuncia o apoio do seu grupo. Explica que nos meses de marzo e abril instouse á empresa a cumprir co contido no convenio colectivo e tiveron unha contestación que, se ben non convence, deixa ao Concello á espera dunha sentenza do Xulgado do Social para poder determinar se hai un incumprimento ou non.

Aclara o sr. Igrexas que quen supervisa o convenio é o goberno pero o responsable do contrato é un técnico, polo tanto quen ten que apreciar o incumprimento ten que ser un técnico. Explica que fai mes e medio a técnica de contratación, a técnica responsable do contrato e el tiveron unha reunión coas traballadoras e co representante da central sindical e a cuestión que había era unha cuestión técnica.

Sendo as vinte horas e trinta minutos, ao activarse a alarma de incendios, fíxose un receso na sesión, que se reanudou pasados cinco minutos.

O sr. Igrexas explica que a única forma de que o Pleno e o Concello de Teo interveña no salario das traballadoras é coa municipalización do servizo, se non é así o Concello non é parte implicada na relación laboral das traballadoras e da empresa. No caso de que se demostre que hai un incumprimento das condicións e se impoña unha penalidade, dita penalidade non pode ir para ás traballadoras. Se as traballadores non gañan no Xulgado o seu dereito a que lles pague a empresa, non hai outra forma de que se cumpran as condicións do contrato. Sinala que as veces se pensa que coa penalización o Concello podería pagar eses salarios mal calculados, e non é así. A única posibilidade sería que o Xulgado incaute parte da fianza para aboar os salarios deixados de percibir, e para iso tería que existir unha sentenza.

Intervén a sra. Castelao, quen sinala que cando sonou o pitido o sr. Igrexas estaba comentando o da responsabilidade da técnica, e como dicía agora o sr. Igrexas se hai que demostrar esa legalidade, non será a técnica, senón que será o Concello. Remata sinalando que a moción é bastante clara e abarca varios puntos e sempre hai que facer o que se poida.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

- O pleno do Concello de Teo recoñece o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Atención no Fogar.
 - O pleno do Concello de Teo insta á Xunta de Galiza a traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galiza, aboando o 6'5% pactado no mesmo e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras.
 - O pleno do Concello de Teo insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención no Fogar neste Concello a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo.

Preguntado polo sr. alcalde, non se presentan máis mocións polos grupos municipais.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

As concelleiras do BNG, formulan os seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Castelao di que, tratándose dos coches abandonados, os veciños preguntan cal é o sistema a seguir. Explica que chamaron por tres coches que están na zona de Montouto, onde está o tanatorio, nesa rúa, atrás de todo, onde hai varios coches abandonados e un camiión e, a maiores, a estrada esa, cuxa titularidade non sabe de quen é , está chea de fochancas e está bastante mal.

O sr. alcalde sinala que se trata dun proceso complicado para podelos retirar como residuos, resultando que neste momento o punto do embudo está na falta dun espazo municipal para a acumulación, cuestión que espera que quede resolta antes do verán.

2.- Sinala a sra. Castelao que onde está o bar Che, a pista de deportes que hai enfronte, está chea de gravilla gorda e estaría ben que se fora a mirar.

3.- A sra. Castelao sinala que na Travesía da Ramallosa, fronte á casa número 37, retiraron como unha especie de alambrada e se se pasa por aí xa se ve que é moi perigoso, porque ao retirar a alambrada quedou como unha especie de caída libre.

4.- A sra. Castelao sinala que ao final, despois de dicilo varias veces, quedaron aí os tirantes de Bamonde.

O sr. alcalde di que haberá que esperar a que acabe a obra, xa que aínda non está recepcionada.

5.- A sra. Castelao di que no peonil que vai de Cacheiras á Ramallosa había unha senda peonil que agora está chea de maleza. Dende a rotonda dos Verxeis ata o colexio da Ramallosa.

O sr. Igrexas di que non é do Concello e que se lle reclamou fai seis meses.

A sra. Castelao sinala que haberá que facelo outra vez mais.

6.- A sra. Diéguez di que baixando da pista que bordea a autovía, cara a Vedra, había unhas fochancas, que foron finalmente localizadas e cubertas, porén agora fixéronse outras.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, formula os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus di que lle preguntan se no parque de Penelas se se vai a colocar a rede.

Intervén a concelleira do PP, sra. Nariño, e di que parece ser que segundo lle dixo o sr. Igrexas os veciños decidiron colocar unha tirolina polo que entende que desaparecerán as porterías.

O sr. Igrexas di que as porterías se retiraron.

A sra. Lemus pide que se pense o tema.

2.- A sra. Lemus refírese ao contrato do lixo e dille ao sr. alcalde que se lles ía achegar o modelo o 8 de xuño.

O sr. alcalde di que para non interferir co Pleno, esta semana non se mandou, pero antes da fin de semana será remitido.

3.- A sra. Lemus di que se está arranxando a pista que vai dende a estrada de Casalonga á estrada da Pedreira e estaban estes días limpando as cuneta e pregunta se será riego asfáltico ou aglomerado.

O sr. Igrexas di que é aglomerado.

A sra. Lemus di que tendo en conta a nova sinalización que fixo Fomento na nacional, agora case se utiliza moito como tránsito común, e lle piden os veciños a posibilidade de ampliar ou entubar nalgún sitio para que polo menos se poidan facer os cruces.

O sr. Igrexas di que non se vai a entubar, se vai a dar prioridade aos peóns co mesmo sistema que no campo de fútbol de Penelas, cunha limitación a trinta.

A sra. Lemus di que non estaría moi de acordo con este tipo de pintados, sobre todo porque non sinalizas de ningunha das formas, e resulta moito máis fácil un trazado mixto, como se fixo nos camiños escolares seguros en Calo, e saber que entras en zona mixta que non marcar zonas como en Pontevea, onde as veces que foi estaba sempre cheo de coches aparcados, polo tanto o peón ten que ir por outro lado porque o condutor asume que non hai ningunha norma que lle prohiba aparcar nesa senda e demais se segue sen cumprir a accesibilidade por moito que se pinte.

O sr. Igrexas di que fora do concerto que organizou unha empresa de eventos alí, as veces que foi e o que lle comentan dende o Praiña é que se respecta medianamente. Explica que foi falado cos veciños, que sabían o que había, e no caso de Río Tinto nesa pista hai que baixar a velocidade como sexa e darlle prioridade aos peóns. Explica que os técnicos de urbanismo lle indican que é unha fórmula viable e oportuna

para construír sendas ao mesmo nivel, e non a distintos niveis, e seguiuuse o criterio dos técnicos.

4.- A sra. Lemus di que nas Resolucíons da Alcaldía que se lle remiten aparece unha por medio da cal se solicitou unha subvención para un parque multixogo no CEIP da Ramallosa, dentro do recinto escolar.

O sr. alcalde di que existe unha convocatoria específica da Consellería de educación para a instalación de pistas multideportes nos centros escolares. A partir de aí a condición imprescindible é que poida ser de uso compartido, de uso escolar pola mañá e que poidan acceder os veciños en horas non lectivas.

A sra. Álvarez di que polo tanto se tivo que chegar a un acordo cos directores de centros de espazos e de usos, porque ao final é un equipamento municipal que está no seu patio e se tivo que chegar a acordos de uso fora de horario lectivo. Acordouse facer na Ramallosa, entendendo que non vai a haber problemas de uso, porén o acordo se asina unha vez que se conceda a subvención, e de momento so está solicitada. Explica que, de ser o caso, estaría pegada ao polideportivo e en principio non vai pechada, estaría aberta ao resto do patio, pero se houbera problemas tamén se falou da posibilidade de poñer un valado, por iso se pegou ao pavillón, aínda que de momento está todo no aire.

O sr. alcalde explica que era unha convocatoria específica para iso e o mellor de todo é que a Consellería pide que se certifique a titularidade e a dispoñibilidade.

5.- A sra. Lemus interésase por unha Resolución da Alcaldía referida ao inicio de resolución do contrato de aparcabicis. Pregunta a sra. Lemus a que se refire.

O sr. alcalde di que refírese á resolución do contrato.

A sra. Lemus pregunta cales son as razóns.

O sr. alcalde di que ese contrato de aparcabicis era o que levaba o aparcadoiro de Pontevea, e a alteración da localización do aparcadoiro se consideraba dende os servizos técnicos e xurídicos, fundamentalmente dende estes últimos, que era unha modificación total do contrato. Aínda que sospeitaban que dende o IDAE sería aceptable o cambio na localización do aparcadoiro, dende os servizos xurídicos se considerou que era unha modificación total do proxecto e que non se podía facer sen esa modificación.

A sra. Lemus pregunta sobre a posibilidade de executar o resto do contrato sen executar esta parte.

O sr. alcalde sinala que en si xa eran tres apartados distintos, no mesmo proxecto, os outros dous se executan, e considerouse que esa era un gasto perfectamente asumible dende o propio Concello, polo que se van a poñer.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Sánchez sinala que o tema da municipalización do lixo xa está resolto, por xa ter falado diso. Con respecto á pista de Quintás, pola que tamén ía preguntar xa está resolto tamén, así que o seguinte tema que ten era saber da pista que está xusto diante da escola de Tras do Eixo, que hai uns meses o sr. Guerra solicitara que se tapara un bache que había alí, bastante fondo, e agora xa todo o que rodea o bache é un bache en si, polo cal convida ao goberno a que o arranxe.

2.- O sr. Guerra sinala que se alegra moito de que por parte do PSOE se preocupen de anchar as pistas, que é algo que eles sempre defenderon, e precisamente o tempo que o PSOE estivo no goberno o que fixo foi estreitalas, e quere deixalo ben claro.

Dito isto diríxese ó sr alcalde para dicirlle que lle informan uns veciños que na pista que vai do campo da Festa de Lucí, o número 28, hai dúas casas que queren que se lles repare a pista e tamén poñer dúas farolas. Pensa o sr. Guerra que xa se lle dixo.

3.- O sr. Guerra pregunta polo camiño que vai dende onde están as chaves de paso, na estrada que vai para Luou e que sae a Caxade, din os veciños que a ver se se pode recoller, porque seica hai pinos no propio camiño. Aclara que se trata dun camiño de monte, un camiño antigo.

4.- Sinala o sr. Guerra que uns veciños lle falan dun bache, e precisamente un deles escachou unha roda alí, onda a marquesina que se puxo en Ribas, no número 58, que se lle fixo unha soleira para diante, para a estrada, e esa soleira confunde e estanse metendo os coches nela. Di que ao parecer xa non quedou moi ben ubicada, pois quedou enriba da acera, e logo para adiante metéuselle un voladizo ata a raia branca do arcén e aí métense os coches.

O sr. alcalde di que esa obra tampouco está recepcionada así que se pode mirar.

O sr. Guerra di que habería que quitarlle parte desa soleira.

5.- O sr. Guerra refírese ao camiño francés, que está moi estropeado. Sinala que tamén lle chamou a Vedra para saber se teñen unha parte, que todavía está máis estropeada que a de Teo e quedaron de ir mirar.

Sinala o sr. Guerra que é un camiño que hai que tender a anchar pois ten moitísimo tránsito, pero tamén entende que os recursos son os que son.

6.- O sr. Guerra pregunta pola zona de Cabovila, detrás de Madeiras Amazonas, e di que lle chamaron os veciños demandando que se repare o asfaltado, engadindo que as luminarias aínda non se cambiaron. Pregunta o sr. Guerra cando se van cambiar as luminarias non só dende o número 60 para atrás senón toda a zona, xa que están todas sen cambiar.

O sr. alcalde di que o que pasa é que pretenden cambiar todas as que quedaron nun único proxecto, con financiamento, serían todas as que daquela non se puideron cambiar porque levaban postas menos de 5 anos, entón a ver agora se se deixa lista e encamiñada esa renovación.

7.- O sr. Guerra di que algún veciño se queixa porque unhas cantas casas, por non baixar 40 cms na canalización para poñer o alcantarillado, quedaron sen tal subministro.

8.- Sinala o sr. Guerra que en Cabovila, detrás do edificio Sanjor, do número 26 ao 45, hai un camiño que será de 90 ou 100 metros, que está totalmente destrozado. Sinala que xa falou máis dunha vez deste tema.

O sr. Igrexas pregunta se se refire a un que baixa para a casa de Mercedes.

O sr. Guerra explica que se bifurca e vai dar á cancela desa señora.

O sr. Igrexas di que ese camiño vaise arranxar e está pendente dun levantamento topográfico para definir que parte é pública e que parte é privada. Di que ao mellor xa está feito, que estes 3 días non traballou e non o sabe, pois dende o xoves non estivo, engadindo que de todas formas antes de facer calquera cousa hai que saber que se vai facer.

O sr. Guerra sinala que el pensaba que era público.

O sr. Igrexas responde que non, que hai unha parte que hai que ter moito coidado porque unha casa entra por riba do terreo doutra privada, entón o señor di que o collamos, pero non se pode facer así, e hai que miralo.

O sr. Guerra reitera que aquilo atópase nun estado lamentable.

9.- O sr. refírese á pista que vai de Procelas a Tras do Eixo e sinala que está desfeita de todo.

10.- O sr. Guerra sinala que o luns enterrouse Gervasio, que foi fundador e compoñente da Banda de Vilariño e profesor de moitos rapaces entre eles os seus fillos. Pregunta se se pensa facerlle algún tipo de homenaxe ou o nome a algunha rúa, pois pensa que o ten ben merecido. Sinala que haberá máis persoas que o merezan pero el tamén.

O sr. alcalde di que en todo caso igual era ben que as entidades nas que participou, que son moitas, propuxeran algún tipo de acto no que o Concello puidera intervir e colaborar. Sinala que o Concello está disposto a colaborar nesa homenaxe.

O sr. Guerra sinala que lle parece ben.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz